



COORDINADORA
GALEGA DE ONG
para o Desenvolvemento



Foto arriba à esquerda_ Equipo de Médicos do Mundo de Gaza, diante das súas oficinas, bombardeadas o 10 de xuño de 2025. Neste ataque morreron oito persoas

INFORME 2025

O TRABALLO DAS ONGD

Galegas no mundo

Recollida de datos_

EMAPIC-Coordinadora Galega de ONGD e AID Social (Análisis y Desarrollo Social Consultoría)

Redacción e edición_

AID Social (Análisis y Desarrollo Social Consultoría) e Coordinadora Galega de ONGD.

Maquetación e deseño_

conxenia.gal

Financia_

Dirección Xeral de Relación Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia

índice

01	INTRODUCCIÓN.....	04
	Os datos.....	07
02	AS PERSOAS.....	08
03	QUEN SOMOS.....	16
04	ONDE E EN QUE SECTORES TRABALLAMOS.....	19
	4.1 Zonas xeográficas e número de proxectos.....	21
	4.2 Países	23
05	PRINPCIPAI S SECTORES DE TRABA LLO	26
	5.1 Poboación destinataria	29
	Feminismos no traballo das ONGD	30
06	BASE SOCIAL.....	31
	6.1 Persoas soci as.....	32
07	RECURSOS HUMANOS	35
	7.1 Tamaño dos equipos	36
	7.2 Perfil do posto de traballo.....	36
	7.3 Perfil de persoas contratadas.....	38
08	EQUIPOS DIRECTIVOS NAS ONGD GALEGAS	40
	8.1 Quen ocupa o cargo de máxima representación.....	41
09	FONDOS RECIBIDOS.....	43
	9.1 Orixe dos fondos.....	45
	9.2 Debullando a orixe dos fondos	47
	9.3 Finalidade dos fondos públicos	49
10	GRAZAS ÁS ONGD QUE PARTICIPARON NO INFORME	51



01

Introducción

Este estudo que estás a piques de ler ten por obxectivo ofrecer unha fotografía das ONG de Desenvolvemento (ONGD) que forman parte da Coordinadora Galega de ONGD (de agora en diante Coordinadora). Unha plataforma que -no momento de elaborar este informe- aglutina a 49 organizacións e suma máis de tres décadas de traballo en prol dun mundo máis xusto.

Tras a realización dun primeiro informe sobre o traballo das ONGD galegas en 2018 e un segundo no 2022, o obxecto deste novo estudo é achegar unha visión actualizada do sector e do seu traballo. **Pero para comprender ben os datos que ofrece, primeiro é importante entender algunhas cuestións.**

As liñas de acción prioritarias das organizacións socias da Coordinadora Galega de ONGD son catro: a cooperación ao desenvolvemento, a acción humanitaria, a educación para o desenvolvemento e a cidadanía global (EDCG) e a acción social.

Para a elaboración deste estudo contouse coa colaboración de 42 ONGD -que poderás ver detalladas ao final do informe- que proporcionaron información relativa aos anos

2023 e 2024: dende a organización interna (con información sobre a súa base social, socios/as e persoas voluntarias ou o persoal contratado) ata os proxectos no exterior postos en marcha en países do Sur Global nese período de tempo e a información sobre os fondos recibidos.

O estudo céntrase fundamentalmente nas actuacións e proxectos executados no exterior -cooperación ao desenvolvemento, principalmente, e acción humanitaria-.

No anterior informe puidemos constatar con datos o esforzo das ONGD galegas na loita contra as desigualdades de xénero e a erradicación das violencias machistas a nivel global, traballando con colectivos feministas, asociacións de mulleres e organizacións socias dos 23 países empobrecidos nos que temos presenza, co obxectivo de contribuír a garantir o cumprimento dos DDHH e de promover sociedades xustas e igualitarias.

En 2020, o 63% das persoas ás que se dirixiron os proxectos executados polas entidades membro da Coordinadora foron mulleres e a metade dos proxectos orientaron de xeito directo algunha das súas accións á mellora da

súa calidade de vida e, con ela, a das súas comunidades. Para entender a importancia desta cifra é importante tamén o seu contexto: 7 de cada 10 persoas que viven en situación de extrema pobreza son mulleres, 1 de cada 3 mulleres no mundo sufriu algún tipo de violencia machista e, a pesar de realizar a gran maioría do traballo a nivel mundial, tan só reciben o 10% dos ingresos. Por tanto, **traballar a prol dun mundo máis xusto para as mulleres era unha obriga do sector da cooperación e segue a selo, xa que este contexto segue demandando, máis ca nunca, actuacións específicas neste eido.**

No actual informe podemos constatar que as desigualdades de xénero e as violencias machistas seguen a ser obxecto de boa parte do traballo das ONGD galegas, xunto con este outro: o retroceso nos

dereitos civís, políticos e sociais e o incremento da persecución ás persoas e colectivos que os defenden.

De todo isto que aquí debullamos **poderás ver a continuación datos, explicados de forma sinxela e acompañados de gráficas que axudan a entendelos. Pero tamén poderás ler unha selección de testemuños que explican en primeira persoa o impacto que a cooperación ten na vida das persoas**, no seu desenvolvemento e crecemento persoal, e como isto contribúe ao fortalecemento das súas comunidades.

Persoa a persoa, comunidade a comunidade, tecendo redes de solidariedade entre pobos. Así é como a cooperación ao desenvolvemento axuda a construír un mundo máis xusto, no que ninguén quede atrás.

Os datos

- ✓ **En 2024, as ONGD galegas contribuíron a mellorar as condicións de vida de 409.049 persoas en 23 países.** A súa presenza foi especialmente relevante en Centroamérica, destacando Guatemala con 22 proxectos e Honduras con 14.
- ✓ No ámbito da cooperación internacional ao desenvolvemento e a acción humanitaria, **impulsáronse 120 proxectos cun orzamento global de 22,4 millóns de euros.**
- ✓ **Estas iniciativas centráronse principalmente en mellorar o acceso a servizos esenciais como a educación** (27% dos proxectos) e o **abastecemento de auga e saneamento** (23%). **Así mesmo**, destinouse un 23% **ao fortalecemento do goberno e da sociedade civil**, facendo especial fincapé no traballo con organizacións de mulleres. Este é o sector que máis crece como resposta das ONGD para loitar contra un fenómeno que medra a nivel global: o aumento do autoritarismo, e a persecución e acoso que sofren as entidades da sociedade civil que defenden dereitos en todo o mundo, especialmente as defensoras do territorio e dos dereitos das mulleres. **Outros ámbitos de intervención destacados foron o impulso do sector agrícola** (21%), **saúde** (21%) e a **protección dos dereitos humanos** (20%).
- ✓ **O apoio social ás ONGD galegas foi notable, con 26.226 persoas**, das cales **24.147 son socias, 1.672 voluntarias, e 407 traballadoras.**
- ✓ **As mulleres teñen un papel fundamental no funcionamento destas organizacións**, representando o 61% das persoas socias, o 70% do voluntariado e o 66% do persoal contratado.
- ✓ Así mesmo, os datos da enquisa amosan unha maior presenza feminina nos órganos de goberno das ONGD. **As mulleres constitúen o 57% das persoas que forman parte destes órganos e ocupan o 62% das presidencias.**
- ✓ **A distribución territorial das ONGD con sede en Galicia evidencia unha clara concentración en dúas provincias: o 85% atópanse na Coruña e en Pontevedra.** Ademais, o 86% destas organizacións teñen as súas oficinas en catro cidades principais: Santiago de Compostela, A Coruña, Vigo e Pontevedra.
- ✓ **No 2023, as ONGD galegas ingresaron un total de 22,9 millóns de euros**, dos cales o **66,32%** (é dicir, **15.246.907,08 euros**) proceden de **fondos públicos** de distintas administracións do Estado, mentres que o **33,68%** (**7.742.493,25 euros**) corresponden a **fondos privados**, xa sexa mediante achegas de particulares ou empresas, vendas de produtos ou servizos ou outros medios.
- ✓ **A principal finalidade de investimento dos fondos públicos para as ONGD galegas no ano 2023 foi a acción social—fundamentalmente en atención a persoas refuxiadas e migrantes—, que representa o 44% do destino dos fondos recibidos, e a cooperación ao desenvolvemento no exterior co 42%.** A acción humanitaria e a educación para a cidadanía global representaron un investimento dun 7% respectivamente.

Foto_ Fundación Vicente Ferrer (A India)

02

As persoas



“Xa non vai ser
meu fillo quen
vai chorár, vou
chorár eu de
felicidade”

Leslie Patricia

O dereito á educación inclusiva
Guatemala

“Quería verlo al menos jugar, verlo ser parte de ese mundo que estaba fuera”. Son as palabras de Leslie Patricia, nai de Juan Carlos e “mamá luchona”, das primeiras da comunidade de Champerico (Guatemala) en solicitar axuda á alcaldía para o seu fillo.

Leslie forma parte da rede de nais e pais da comunidade que, xunto cun grupo de profesoras, tomaron conciencia das grandes carencias en inclusión que había nas aulas da escola pública para moitos nenos e nenas que, por diversas circunstancias, necesitaban dun apoio que lles permitira formarse e, á súa vez, ser parte activa da comunidade. Dese “mundo que estaba fuera”.

E así naceu o CREI, o Centro de Recursos para a Educación Inclusiva. Un proxecto educativo pioneiro no país, pero tamén un proceso comunitario, no que as familias de Champerico tiveron un papel activo en canto a implicación, toma de decisións, traballo e compromiso, de par das ONGD galegas Arquitectura sen Fronteiras e Proyde e as organizacións locais Asiaprodi e Prodesa.

Porque, como di Damián Vail, responsable da Asociación Indíxena Agropecuaria Pro-Desenvolvemento Integral (Asiaprodi), “si el CREI se hubiera hecho con muchos recursos pero siendo la decisión de dos o tres personas, no funcionaría. Cuando viene desde abajo, desde el sentir de las familias como una necesidad importante, el proyecto es de la comunidad”. Damián explica que “como comunidades indígenas, siempre hemos estado caminando por nuestros derechos, pero la cooperación nos ha ayudado a dar pasos más grandes”.

Como son agora os pasos de Juan Carlos. “Ya no va a ser mi hijo el que va a llorar, voy a ser yo la que voy a llorar de alegría al verlo en un aula formal”, dicía Leslie pouco antes de inaugurarse o CREI. “Ver de aquí salir un mecánico, un carpintero...no importa lo que sea, pero que se pueda ganar la vida”. Como parte da comunidade, dese mundo que xa é o seu.

✳ *Arquitectura sen Fronteiras traballa dende hai case trinta anos en Guatemala de par de Asiaprodi, a súa socia local.*





Nos feminismos “a forza está na colectividade e na loita común”

*La Colectiva Feminista. O Salvador
Mujeres Creando. Bolivia*

En Bolivia e El Salvador, dúas organizacións feministas levan máis de vinte anos facendo camiño. Mulleres distintas, contextos distintos, pero un horizonte compartido: construír unha vida digna, libre e xusta para todas.

Desde La Paz, **Mujeres Creando** ergue a voz contra os modelos impostos, eses que non entenden as realidades que acompañan. A súa aposta é clara: autonomía, rebeldía e acción directa. “Non queremos seguir modelos que non entenden a realidade das mulleres que apoiamos”, afirman, e desde aí constrúen alternativas vivas e propias.

Do outro lado, en El Salvador, **La Colectiva Feminista** cultiva coidados, pensamento crítico e liberdade. Acompañan procesos integrais de mulleres, persoas mozas e cuir, cun soño que tamén é compromiso: “Traballamos para construír unha sociedade xusta, igualitaria e sustentable, na que as mulleres poidan vivir libres e decidir sobre os seus corpos e as súas vidas”.

Ambas organizacións miran tamén cara ao Norte Global, pedindo revisión e escoita. **Mujeres Creando** chama a que “o feminismo europeo se cuestione desde unha mirada decolonial”, para entender que moitas das opresións actuais nacen de feridas históricas que aínda sangran. Desde El Salvador, **La Colectiva** reclama unha cooperación que non impoña, senón que acompañe: “A cooperación ao desenvolvemento será feminista ou non será”.

No seu camiñar, acumulan logros. En Bolivia, puxéronse en marcha melloras en servizos para as mulleres que buscan xustiza, e un programa de radio que fai soar as súas voces máis alá das paredes. En El Salvador, as sentenzas da Corte Interamericana polos casos de Beatriz e Manuela fixeron historia: nomes propios que abriron fendas no silencio da penalización absoluta do aborto.



E como broche, un alento compartido que atravesas fronteiras. Desde El Salvador, lembran: “Xuntas podemos seguir transformando as desigualdades. Os dereitos gañados hai que defendelos, e podemos facelo colectivamente, cada quen desde onde está”. E en Bolivia responden: “A forza está na colectividade e na loita común”.

✳ *Mujeres Creando conta co apoio de Solidariedade Internacional de Galicia e La Colectiva Feminista co apoio de Agareso.*





“A solidariedade sempre move solidariedade”

*Que significa cooperar
Palestina*

O 29 de outubro de 2024, a milleiros de quilómetros de Valencia, un grupo de persoas viu as imaxes da DANA e decidiu que tiña que axudar. Xuntou 5.000 euros e organizouse para facerllos chegar a Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP).


Unha doazón de tantas, se non fora porque eses 5.000 euros saíran da caixa de solidariedade dun grupo de traballadores e traballadoras da Asociación Palestina para o Desenvolvemento Agrícola (PARC), en medio do asedio e os ataques. Casualidades da vida, chegou no momento no que varias administracións -co argumento de destinar fondos a Valencia- anunciaban a sus-

pensión das axudas a Palestina. E así foi tamén como os seus 5.000 euros, sen querelo, se converteron na medida da dignidade.

Cando alguén pregunte que significa que “a solidariedade é a tenrura dos pobos”, poderemos contarlle isto. E explicarlle que as redes de cooperación e afecto que tece son bidireccionais.

Porque, como a propia PARC dicía na carta ao pobo valenciano que acompañaba a súa conmovedora doazón, “a solidariedade sempre move solidariedade”.

★ *A PARC é unha das socias locais de ACPP nos territorios ocupados de Palestina.*





“Somos todas mullerês e é moi forte ter que enfrontarnos con homes armados”

Mariela Burgos
A defensa do territorio
Honduras


A desforestación e a contaminación no Golfo de Fonseca, en Honduras, están a destruír o ecosistema mariño e poñen en perigo o sustento de moitas familias. As empresas de cría de langostinos constrúen piscifactorías que arrasan co manglar e contaminan as augas, acabando coa biodiversidade e deixando sen medio de vida a quen depende do mar para sobrevivir. Mariela Burgos sabeo ben. É marisqueira e forma parte dun grupo de mulleres organizadas da súa comunidade. Xunto ás súas compañeiras, vive nunha loita diaria por protexer os recursos naturais da zona fronte aos intereses empresariais que ameazan a súa forma de vida.

Non é unha loita fácil. “As marisqueiras somos todas mulleres e é moi forte ter que enfrontar-

nos con homes armados”, conta Mariela. Elas mesmas sufriron ameazas de morte e acoso constante por parte das empresas mentres realizan o seu traballo.

Pero non se renden. Seguen defendendo o territorio e os recursos que sosteñen a súa comunidade. Porque para Mariela e as súas compañeiras, a protección do mar non é só unha cuestión ambiental, é a chave da sustentabilidade e da dignidade da súa xente.

✳ *Mariela Burgos é líder comunitaria e pertence á base organizada do Comité para a Defensa e o Desenvolvemento da Flora e Fauna do Golfo de Fonseca (CODDEFFAGOLF), apoiada por Enxeñería Sen Fronteiras.*





“Era moi difícil pensar en poder ir á escola dende primaria ata a facultade”

Bocar

O dereito á educación e á saúde
Guinea Bissau


Bocar é de Guinea Bissau e, na actualidade, está estudando enfermaría. Na zona de donde vén, é moi difícil poder acceder a educación superior.

“Precisamos xente que crea en nós, que crea que podemos ser capaces de conseguir o que queiramos”, conta. Dende Miradas al Mundo, apoian a nenos e nenas como Bocar dende ao longo da súa etapa de crecemento para que poidan saír adiante e facer o seu propio camiño de vida. “Eu tiven moitas dificultades porque a miña familia non tiña os medios económicos para axudarme, era moi difícil pensar en poder ir a escola dende primaria ata a facultade”.

O que quere, di, e traballar na súa e noutras comunidade para poder axudar a outras persoas que o necesiten. Devolver, dalgún xeito, o seu coñecemento á veciñanza.

Guinea-Bissau é un dos países máis pobres do mundo, situado habitualmente entre os dez últimos postos no Índice de Desenvolvemento Humano (IDH). Actualmente atravesamos unha nova crise política, pois o presidente mantén o Parlamento pechado desde decembro de 2023. O 67 % da poboación vive en situación de pobreza, con menos de dous dólares ao día. As desigualdades sociais son moi acusadas, especialmente no acceso á saúde, á auga, ao saneamento, á electricidade e á educación, unha situación que se agrava nas zonas rurais, onde vive Bocar

✳ *Bocar é estudante de enfermaría apoiado pola organización Miradas al Mundo.*





“Dende a
organización
dicíanme: non
te podes
render!”

Rita Suaña

As lideresas e
defensoras de dereitos
Perú

Rita Suaña foi a primeira alcaldesa de Los Uros en Puno (Perú). Los Uros son un conxunto de illas artificiais construídas no lago Titicaca. Ao longo da súa vida, Rita loitou por defender os dereitos das súas xentes e recuperar a súa lingua nativa.


Pero, para ela, o camiño non foi fácil: “como muller e autoridade municipal vivín acoso político e discriminación que foi peor por pertencer, ademais, a un pobo orixinario”. Cando coñeceu a organización ‘Movemento Manuela Ramos’ douse conta de que non estaba soa.

“Dende a organización dicíanme: Rita, tes que seguir adiante, non te podes render. A partir de

aí empecei a identificar o acoso e a violencia que vivimos as mulleres dende cativas”, conta. Con todo o que foi aprendendo, cando rematou o seu mandato político, Rita fundou a asociación Q’ot T’ika Flor de Lago de los Uros para acompañar a outras mulleres.

“Antes non nos tiñan en conta, agora si. Aínda que o machismo segue aí, nós estamos empoderadas e eu sigo loitando polo dereito das mulleres, levanto a voz e digo: basta de violencia!”.

✦ *Rita Suaña forma parte do Movemento Manuela Ramos, organización apoiada por Intered.*





“Non podía saír da casa porque daba mala sorte: agora véñenme pedir consello”

Shantamma
O fortalecemento e liderado das mulleres
India

En Chakarlappalli, unha pequena aldea no sur da India, Shantamma converteuse nun símbolo de fortaleza e cambio. Enviuvou con 35 anos e tres fillos ao seu cargo. En moitas comunidades, as mulleres viúvas enfróntanse a prexuízos que as limitan social e economicamente. “Non podía saír da casa, dicían que daba mala sorte”, lembra.

Pese as críticas, decidiu buscar traballo. Durante anos traballou como xornaleira de sol a sol para sacar aos seus fillos adiante, cobrando 70 rupias ao día (uns 73 céntimos). Cando chegaron á súa aldea os programas da Fundación Vicente Ferrer, empezou a formar parte do *shamgam* (grupo de apoio entre mulleres), onde recibiu formación en emprendemento e igualdade e coñeceu a outras mulleres coas que compartir experiencias.

Co tempo, converteuse en lideresa do seu *shamgam* e tamén do equipo de acción contra a violencia de xénero impulsado pola Fundación. A través do programa de empoderamento financiado pola Cooperación Galega, accedeu a formación e a un microcrédito sen intereses para iniciar o seu propio negocio. Comprou dúas vacas para vender leite, cultiva a súa propia horta e tamén elabora velas de aceite.

Os seus tres fillos puideron estudar. Ela, pola súa parte, é lideresa no seu grupo e referente na súa comunidade. “Agora véñenme pedir consello”, di con orgullo. A súa historia mesmo inspirou un mural do artista galego Yoseba Muruzábal en terras da India.

★ *Shantamma pertence ao grupo shamgam, apoiado pola Fundación Vicente Ferrer.*



Foto_ Arquitectura sen Fronteiras (Guatemala)

03


Quen somos

A Coordinadora Galega de ONGD é unha plataforma plural e heteroxénea integrada no 2025 por un total 49 entidades socias, das cales 42 participaron na elaboración deste informe.

Estas entidades son diversas tanto pola súa especialización como pola súa forma de actuar. Algunhas centran a maior parte do seu labor nun único país, como é o caso da Fundación Vicente Ferrer e Semilla por el Cambio na India, ou Miradas al Mundo e AIDA en Guinea Bissau. Outras destacan pola súa especialización técnica, como Enxeñería Sen Fronteiras ou Arquitectura Sen Fronteiras. Esta pluralidade reflíctese tamén nas súas maneiras de traballar para a defensa e garantía dos dereitos humanos. A pesar de ter misións e visións diferentes, todas comparten un mesmo compromiso: a loita pola xustiza social a nivel global.

As 42 ONGD analizadas en 2024 contan con 68 sedes repartidas polo conxunto do territorio galego. Ao igual que acontece coa poboación de Galicia, o Eixe Atlántico concentra a maioría das sedes: o **85% están situadas nas provincias da Coruña e Pontevedra.** Delas, o **86% nas cidades de Santiago de Compostela, A Coruña, Vigo e Pontevedra.**

Número de sedes por provincias



O crecemento no número de sedes das ONGD galegas é significativo en comparación con informes anteriores: as 68 contabilizadas no 2024 supoñen un incremento de 17 sedes respecto ao ano anterior, motivado principalmente pola incorporación de organizacións socias neste últimos anos.

No que respecta a súa orixe, existen ONGD nadas e asentadas en Galicia -un perfil que representa a metade das nosas organizacións socias- como AGARESO ou Ecos do Sur, así como organizacións que teñen delegacións en moitas comunidades do Estado, como Manos Unidas, Jóvenes y Desarrollo, Entreculturas ou Farmamundi; ou ONGD internacionais con sedes non só no Estado español, senón tamén en moitos outros países, como Oxfam Intermón ou Médicos do Mundo.

Foto_ Educo



04

Onde e en que sectores
traballamos

As ONGD socias de Coordinador Galega teñen catro eidos de actuación fundamentalmente: a cooperación ao desenvolvemento¹, a acción humanitaria² (traballo que se desenvolve en países do Sur Global) e, por outra banda, en Galicia desenvolven accións de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global (EDCG)³. Algunhas delas, ademais, executan proxectos de acción social⁴, como por exemplo traballo con persoas migrantes e refuxiadas. Neste informe analizaremos en máis detalle o eido da cooperación ao desenvolvemento e a acción humanitaria.

As ONGD galegas seguen fortalecendo a súa presenza internacional impulsadas polo crecemento do número de organizacións socias na Coordinadora. **Así, 32 organizacións - o 76,19% das que participaron na enquisa— desenvolveron algún proxecto no exterior. Esta cifra supera amplamente os datos recollidos en informes anteriores:** o 67% en 2018 e o 69% en 2022.

Este incremento de ONGD que levan a cabo proxectos de cooperación ao desenvolvemento ou acción humanitaria no exterior tamén se visualiza co incremento — xa indicado anteriormente— de proxectos executados, que ascende a 120 -un 176% máis de proxectos que nos informes previos- onde se identificaron 68 proxectos no exterior, focalizándose do mesmo xeito que nos informes previos en 23 países de Latinoamérica, África e Asia.

Respecto á capacidade de xestión de recursos das ONGD galegas é importante indicar que se produciu un importante incremento. Se no primeiro informe o importe total de xestión era de 6.123.000 euros e no segundo informe ascendeu a 10.165.675 euros, **neste terceiro informe situouse en 22.427.225,37 euros.** Estes 22 millóns corresponden ao orzamento total dos 120 proxectos, dos cales a maioría se desenvolven ao longo de máis dunha anualidade.

O orzamento medio dos proxectos ascende a 700.850 € e xestiónanse en colaboración coas contrapartes. Estas son as organizacións dos países do Sur Global coas que traballan as ONGD galegas, en calidade de socias locais. E son quen lideran no territorio a execución dos proxectos fortalecendo así a súa sustentabilidade e apropiación. Ao ser as máis próximas ás comunidades coas que se traballa, teñen a capacidade de impulsar a coparticipación dos di-

.....

1. Conxunto de accións que realizan gobernos e os seus organismos administrativos, así como entidades da sociedade civil dun determinado país ou conxunto de países, orientadas a mellorar as condicións de vida e impulsar procesos de desenvolvemento en países en situación de vulnerabilidade social, económica e/ou política.

2. Conxunto de accións de axuda ás vítimas de desastres producidos por catástrofes naturais ou por conflitos armados orientadas a aliviar o seu sufrimento, garantir a súa subsistencia, protexer os seus dereitos fundamentais e defender a súa dignidade. Tamén, frear o proceso de destruturación socioeconómica da comunidade e preparala ante desastres naturais.

3. A educación para a cidadanía global forma parte das pedagogías que pretenden afrontar os grandes retos do século XXI. Os seus contidos identifícanse co tratamento global das desigualdades e a posta en valor da diversidade, e están orientados a diferentes públicos e a persoas de todas as idades, sexos e culturas. Lévese a cabo en todos os ámbitos da educación (formal, informal, non formal), tanto en centros educativos regrados (escolas, institutos e universidades) como en espazos de lecer e tempo libre, lugares de traballo, o ámbito familiar, en tecidos asociativos e mesmo nos medios de comunicación.

4. Conxunto de intervencións con persoas en situación de vulnerabilidade en Galicia.

ferentes actores no territorio e dar o protagonismo necesario ás persoas titulares de dereitos que queremos beneficiar coas nosas accións.


Entre as principais contrapartes destacan **organizacións feministas e vinculadas ao movemento de mulleres**, como a Confederación Nacional de Mujeres del Campo (CONAMUCA) na República Dominicana, a Asociación de Mujeres Defensoras de la Vida (AMDV) en Honduras e Kaqla Mujeres Mayas en Guatemala.

Así mesmo, salientan **organizacións e redes comunitarias rurais** como ASIAPRODI en Guatemala, CODDEFFAGOLF en Honduras e CORDES no Salvador, que contribúen a afianzar o traballo no territorio.

4.1 Zonas xeográficas e número de proxectos


Centroamérica e O Caribe segue sendo a zona xeográfica onde existe unha maior presenza de execución de proxectos das ONGD galegas, xa que nesa zona execútase o 49,58% dos proxectos e o 67,31% dos fondos de cooperación no exterior.

Proxectos executados por zona xeográfica.




A continuación sitúase América do Sur, cun 15% dos fondos executados, seguida de África, cun 12,74%, e posteriormente Asia e Oriente Medio. Estes anos, debido á situación excepcional en Ucraína, tamén se rexistrou actividade en Europa (0,13% dos fondos executado vinculados ao traballo de axuda humanitaria desenvolvido en Ucraína).

Fondos executados por zona xeográfica



Realizando unha revisión do histórico de informes elaborados ata o momento **pódese observar a importante presenza histórica das ONGD galegas en Centroamérica e O Caribe, a cal ten unha presenza estable que implica que dous de cada tres euros investidos en proxectos no exterior focalízanse nesa zona xeográfica.**

Variación porcentual de fondos executados por zonas xeográficas, 2017- 2020-2024



4.2 Países

O traballo no exterior das ONGD divídese en dúas grandes liñas: cooperación ao desenvolvemento e acción humanitaria.

O groso dos esforzos centráronse no eido da cooperación ao desenvolvemento; é dicir, en proxectos de longo percorrido que van máis alá de atallar emerxencias e que se desenvolven en varios anos procurando garantir dereitos como vivenda, educación, saúde, etc.

A acción humanitaria -que se basea en proxectos orientados a resolver situacións de emerxencia- representa unha porcentaxe menor no total do traballo das ONGD fronte aos proxectos de cooperación ao desenvolvemento. Isto débese a que non todas as ONGD galegas traballan neste eido de especialización, que ademais require de equipos, capacidades e recursos moi concretos.

As ONGD galegas que si teñen estas capacidades -Axuda en Acción, Entreculturas, Tierra de Hombres ou Solidariedade Internacional de Galicia- traballaron en países como Uganda, Honduras, Mozambique ou Ucraína. Mención aparte merece o complexo traballo desenvolvido polas entidades galegas tamén especializadas en AH con presenza nos Territorios Ocupados Palestinos, como son Médicos do Mundo, Asemblea de Cooperación pola Paz, Farmamundi, Rescate Internacional ou Movemento pola Paz.

Partindo deste contexto, neste período obsérvase **unha focalización cara á concentración xeográfica**, xa que aínda que se executaron fondos en 23 países en 12 deles só se realizou un único proxecto dos 120 contabilizados. Por tanto, **a meirande parte dos proxectos no exterior concentráronse en 11 países**.

Guatemala é o país que máis proxectos recibiu (22, que supoñen o 18,33% do total), mentres que Honduras (con 14 proxectos) foi o que recibiu máis fondos (29,41%). O resto dos países - como Bolivia e Perú, onde traballan orzganizacións como Taller de Solidaridad ou Fundación Fabre; República Dominicana, coa presenza de entidades como Fundación Balms; e Nicaragua, con Axuda en Acción- recibiron menos do 10% dos fondos. Por outra banda, Guinea Bissau, onde están activamente AIDA e Miradas al Mundo; India, coa presenza constante de Vicente Ferrer; e O Salvador, con ACPP, recibiron entre o 1% e o 5% dos mesmos.

En canto aos países de intervención, algunhas ONGD operan en múltiples territorios, como Solidariedade Internacional de Galicia, que en 2024 desenvolveu proxectos en Guatemala, O Salvador, Bolivia e Honduras. Ou Fundación Cume, con presenza en Camerún, Venezuela e República Dominicana. Pola contra, outras organizacións céntranse nun só lugar, especializándose na súa intervención. É o caso de Arquitectura sen Fronteiras, que levou a cabo nove proxectos en Guatemala ou Ecodesarrollo Gaia con oito proxectos en Senegal.

Analizando os países segundo o seu IDH ou Índice de Desenvolvemento Humano (un indicador composto que mide o desenvolvemento dun país baseándose en tres dimensións fundamentais: saúde, educación e nivel de vida), o **26% dos países nos que traballaron as ONGD**

situábanse no IDH baixo (recibindo o 11,8% do orzamento total, o que representa 5,8 puntos porcentuais máis respecto ao ano 2022).


Concretamente foron 6 países africanos -Etiopía, Guinea, Guinea-Bissau, Mozambique, Senegal e Serra Leoa- nos que hai proxectos de entidades como Ecodesarrollo GAIA, Fundación Axuda en Acción, AIDA, Médicos do Mundo, Fundación Entreculturas, Solidaridade Galega, Miradas al Mundo, SED, PROYDE, Enxeñería sen Fronteiras e Azada Verde.


Ao clasificar os 23 países nos que traballaron as ONGD galegas segundo os fondos que reciben, obsérvase que os 7 primeiros están recollidos como país prioritario no V Plan Director da Cooperación Galega (2023-2023), sendo dous deles da lusofonía (Mozambique e Guinea Bissau). Isto pode estar relacionado, como se explicará posteriormente, co fortalecemento do peso da Xunta de Galicia como principal financeira pública das ONGD galegas. Os fondos obtidos polas organizacións desta administración pasaron dos 2,3 millóns de euros no 2016 e os 5 millóns no 2020, aos 8 millóns de euros no 2023.

Por outra banda o 15% dos proxectos foron executados en consorcio con outras ONGD ou outros actores de cooperación como as Universidades Galegas.

A continuación, un mapa ofrece información dos proxectos executados en 2024 polas ONGD galegas. Por cada país, indícase o número de intervencións, o de persoas beneficiarias e o orzamento total dos proxectos.

Ilustración 2. Mapa proxectos executados polas ONGD galegas no 2024





05


Principais sectores de trabalho

As 120 intervencións levadas a cabo polas entidades **enfocáronse principalmente en mellorar o acceso a servizos esenciais como a educación, a auga e o saneamento**. Ademais, traballouse no **fortalecemento do goberno e a sociedade civil**, cunha énfase particular no apoio a organizacións feministas e de mulleres, así como no **impulso do sector agrícola e a protección dos dereitos humanos**.

Como amosa o seguinte gráfico, o labor das ONGD no exterior ten fortes conexións con ámbitos consolidados en Galicia. Un exemplo disto é a especialización sectorial en áreas como a agricultura, o desenvolvemento rural, a pesca e a acuicultura, que reflicte unha aposta estratéxica e consolidada das ONGD galegas nestes eidos.


Estas áreas non só representan unha fonte fundamental de sustento para moitas comunidades, senón que tamén contribúen á soberanía alimentaria e á resiliencia fronte aos desafíos climáticos e económicos.

Principais sectores de traballo dos proxectos



En comparación con informes do 2018 e 2022, mantense a aposta por áreas fundamentais como a educación e o acceso á auga e saneamento. Con todo, en comparación con estes informes, destaca o crecemento dos proxectos no ámbito de goberno e sociedade civil, particularmente enfocados a fortalecer a organizacións feministas.

Máis esforzos para fortalecer á sociedade civil nos países socios



Isto é unha resposta estratéxica das ONGD galegas a un contexto internacional cada vez máis marcado polo aumento dos réximes autoritarios e o peche de espazos cívicos. Unha situación que tamén afecta, de maneira especialmente preocupante, aos países socios da Cooperación Galega.

Este fenómeno tradúcese, entre outras cousas, na persecución e acoso a activistas e movementos sociais, especialmente daqueles que loitan pola defensa dos seus territorios e polos dereitos das mulleres a través dos movementos feministas.

Conscientes desta realidade, as ONGD galegas están a traballar para desenvolver novas ferramentas e vías de apoio adaptadas aos retos actuais e dar resposta ás ameazas que afrontan estas persoas e organizacións.

Un dos principais obxectivos das ONGD galegas é apoiar á sociedade civil e fortalecer os mecanismos que permitan a súa participación activa na toma de decisións. Isto non é só un principio central do seu traballo, senón tamén unha forma de ser e facer que implica

apoiar e protexer a aquelas persoas que sufren ameazas ou agresións, visibilizar as voces que son silenciadas e incluír a quen sofre exclusión ou ve os seus dereitos vulnerados.

Sabemos que unha sociedade civil forte e activa é clave para a resiliencia, especialmente en tempos de incerteza e risco de retroceso democrático.

En particular, as ONGD galegas levamos moito tempo traballando para tratar de aplicar o enfoque feminista no conxunto do noso traballo, co fin de facer fronte á onda de movementos que se opoñen aos dereitos das mulleres ao redor do mundo. Este enfoque non só mellora as nosas prácticas internas e externas, senón que tamén permite unha resposta máis eficaz aos desafíos actuais.


De feito, o actual Plan Director de Cooperación Galega, tras a demanda das ONGD, inclúe un compromiso para avanzar nesta liña. Como resultado, a Xunta de Galicia reservou unha porcentaxe dos fondos destinados a proxectos de cooperación exterior en 2025 para destinalos especificamente ao traballo con organizacións de mulleres e feministas.

Ademais, como parte das estratexias para mellorar a protección das persoas defensoras de dereitos humanos, creouse o programa Galicia Abriga, que ofrece acollida temporal a mulleres activistas de países onde a Cooperación Galega ten presenza, permitindo que saian temporalmente dos contextos de risco e preserven a súa integridade física e psicolóxica. A través deste programa, as defensoras reciben acollida en Galicia e un espazo seguro para elas e as súas familias.

5.1 Poboación destinataria

En 2024, as ONGD galegas desenvolveron intervencións que beneficiaron a un total de 409.049 persoas, cunha distribución equilibrada entre mulleres (209.806 persoas, o 51,29% do total) e homes (199.243 persoas, o 48,71%).

Poboación destinataria total dos proxectos



En referencia ao **perfil da poboación destinataria**, mantense a tendencia observada nos informes de 2018 e 2022, cun **enfoque prioritario en mulleres (46%) e poboación rural (38%)**.


Con poboación rural traballan organizacións como SODEPAZ, Amigas da Terra, Azada Verde ou Fundación Fabre.

Feminismos no traballo das ONGD

Como se comentou no apartado anterior (4. Principais sectores de traballo), evidénciase o firme compromiso das ONGD galegas con profundar cada vez máis no enfoque feminista, non só integrando o enfoque de maneira transversal nas súas intervencións, senón tamén promovendo accións específicas dirixidas a mellorar a situación das mulleres.

Nesta liña, **case a metade dos proxectos executados (56 de 120) están especificamente orientados ao traballo con mulleres**, cun enfoque centrado no seu fortalecemento e empoderamento. **Estas iniciativas abordan a súa participación organizativa e política, a garantía dos seus dereitos e a prevención das violencias.** Exemplo diso son os proxectos de AGARESO en República Dominicana e O Salvador, Solidariedade Internacional Galicia en Guatemala, ACPP e, de novo, Amigas da Terra en Honduras e Fundación Interred en República Dominicana e Perú.

Orientación dos proxectos segundo o perfil poboacional



06


Base social

O apoio e a implicación da cidadanía son piares fundamentais para o traballo das ONGD en Galicia. Nos últimos anos, miles de persoas colaboraron de forma directa coas nosas organizacións, xa sexa como socias, voluntarias ou traballadoras. En 2018 a cifra alcanzou 23.050 persoas, e en 2022 25.654 persoas, mentres que **actualmente 26.226 persoas colaboraron de xeito directo con algunha das organizacións en Galicia.**

6.1 Persoas socias

O 93% das entidades participantes no estudo contan coa figura de persoas asociadas, aquelas que apoian economicamente as entidades para o desempeño da súa labor, acadando en 2024 unha base social de 24.147 persoas (61% mulleres).

Persoas socias das ONGD galegas




A media de persoas socias por organización é de 574, pero a análise segmentada ofrece unha visión máis detallada sobre a distribución das bases sociais nas ONGD galegas.

Dentro das organizacións que contan coa figura de persoas socias, case a metade (46%) son entidades con menos de 100 socias, das cales un 28% teñen menos de 50 e un 18% sitúanse no tramo de 51 a 100.

Nun segmento intermedio, o 33% das ONGD contan con entre 101 e 500 persoas socias, mentres que un 5% acadan entre 500 e 1.000. Pola contra, o 15% restante está conformado por organizacións cunha base social superior ás 1.000 persoas. Estas entidades, de maior tamaño e impacto, teñen presenza en todo o Estado e, nalgúns casos, tamén a nivel internacional. Entre elas destacan Oxfam Intermón, Mans Unidas, Médicos do Mundo, Fundación Educo, Fundación Vicente Ferrer e Fundación Axuda en Acción.

Tamaño das ONGD Galegas segundo a base social




6.2 Persoas voluntarias

O voluntariado é unha peza clave e indispensable no funcionamento das ONGD. En Galicia **1.672** persoas colaboran de forma solidaria no día a día das organizacións analizadas neste informe.


A presenza feminina é maioritaria -7 de cada 10 persoas voluntarias son mulleres-, representando unha tendencia que reflicte a mesma realidade observada entre as persoas socias das ONGD.

Persoas voluntarias nas ONGD Galegas



É destacable que **case todas as ONGD -40 das 42 entidades participantes no estudo- contan con voluntariado**. A media de persoas voluntarias por organización sitúase en 40, aínda que con grandes diferenzas entre elas. A maioría dos equipos están formados por un máximo de 10 persoas, seguidos dos que contan entre 11 e 25. Como resultado, **máis da metade das ONGD galegas (23) teñen menos de 26 persoas voluntarias, o que evidencia a diversidade na súa capacidade de mobilización e xestión do voluntariado**.

Tamaño das ONGD Galegas segundo o seu voluntariado



As ONGD estatais e internacionais con delegación en Galicia son as que presentan as bases de voluntariado máis grandes. Exemplos diso son organizacións como Cooperación Internacional, Fundación Tierra de Hombres Galicia e Médicos do Mundo, que superan as 100 persoas voluntarias.

Dentro deste grupo de organizacións con máis de 100 voluntarios cabe destacar a Fundación Cume, que se ben ten presenza en diversos lugares do Estado non responde ao perfil de gran organización estatal ou internacional: é unha organización nada en Galicia e mantén a súa sede principal en Vigo.

Ademais, é importante resaltar o traballo doutras entidades que, aínda sen a visibilidade das grandes organizacións, logran xerar equipos de voluntariado notables no seu tamaño. É o caso de AGARESO, que conta con 55 persoas voluntarias, ou da Asociación Enxeñería Sen Fronteiras Galicia, que suma 38.

07

Recursos humanos

No ano 2024, 34 ONGD das 42 que participaron na enquisa tiñan polo menos unha persoa contratada, o que representa un 80,95% das ONGD participantes, datos algo inferiores á anterior enquisa (2022) onde a porcentaxe era do 83%.

Nesta enquisa observábase un notable incremento do número de persoas contratadas, se no ano 2018 eran 105, e no ano 2022 eran 136, neste 2024 ano o número de persoas contratadas ascendeu a 407.

A razón principal atópase en que entre as ONGD socias da Coordinadora hai un grupo de ONGD moi recoñecidas e fortes no seu traballo en atención a persoas migrantes e refuxiadas, como Ecos do Sur ou Movemento Pola Paz (MPDL) e Médicos do Mundo, que aumentaron o seus equipos neste eido nos últimos anos. Isto é o que explica parte deste crecemento do persoal contratado.

Tamén resulta importante indicar que ONG A.I.R.E contabiliza un importante número de recursos humanos (5,65%) pero na súa maioría refírese a persoal do propio territorio para atender ás necesidades do pobo saharuí.

7.1 Tamaño dos equipos

O primeiro punto de análise dentro do ámbito dos recursos humanos ten que ver co tamaño dos equipos; é dicir, co volume de persoas contratadas.

Así podemos observar que a meirande parte das ONGD que participaron na elaboración do informe (35,29%) teñen 2-4 persoas contratadas, seguidas do 20,59% que teñen 1 persoa en plantilla. O 14,71% das organizacións enquisadas ten 5-7 persoas contratadas. Como é natural, o número de ONGD con máis persoas contratadas vai diminuindo a partir do rango 11-20 e 21-50, que representa o 11,73% de las ONGD (3 ONGD), e os rangos superiores a 50 e 100 onde só se sitúa unha ONGD en cada un deles.

7.2 Perfil do posto de traballo

As ONGD procuramos apostar máis polo fortalecemento dos equipos humanos das nosas socias nos distintos territorios que no envío de persoal expatriado propio dende Galicia. Consideramos que isto é unha boa práctica porque:

- ✱ **Contribuímos ao fortalecemento das organizacións de sociedade civil dos propios territorios e países.**
- ✱ **Son as persoas de cada país e comunidades as que mellor interpretan as dinámicas sociais da área onde se desenvolven os proxectos e as que teñen unha mellor comprensión das súas necesidades.**



Empregar a persoas dos territorios e países é unha garantía de sostibilidade, pero tamén da propia supervivencia e autoxestión no longo prazo dos proxectos, unha vez o apoio externo finaliza.



Para ter un impacto positivo na economía e emprego locais.

Isto non quere dicir que non teñamos unha estreita colaboración e presenza no terreo. O persoal técnico contratado das organizacións en Galicia viaxa habitualmente ao territorio para coordinarse e compartir cos equipos dos distintos países. Ademais aínda hai moitas casuísticas que si fan necesaria a figura da persoa expatriada e por iso sigue habendo persoas expatriadas sobre o terreo.


Neste informe só se contabiliza o persoal contratado que depende directamente das ONGD galegas e non o vinculado ás organizacións contrapartes ou parceiras. Este é un dos motivos polos que, ao analizar os postos de traballo mencionados polas ONGD, **unha gran parte é persoal contratado en Galicia con diferentes perfís:** coordinación, administración, persoal técnico de proxectos e persoal técnico de acción social, que si demanda unha maior contratación en Galicia ao orientarse a traballar con poboación vulnerable galega. Neste campo inclúense postos diversos, desde orientación laboral ou asesoría xurídica ata traballo social, educación social, persoal técnico de vivenda ou de acollida.

Dentro do persoal contratado en Galicia con diferentes perfís, **máis da metade dos perfís de postos de traballo refírense a persoal técnico de acción social (55,7%), seguido de perfís de coordinación (15,72%), persoal técnico de proxectos (15,48%),** podendo orientarse a proxectos ben de cooperación ou acción humanitaria, ben de EpDCG, **e persoal relacionado coa xestión administrativa ou contable das organizacións (4,9%).**

7.3 Perfil de persoas contratadas

Tal e como se comentaba no punto previo, **existe unha importante presenza de mulleres no ámbito dos recursos humanos das ONGD**, en concreto, **dous terzos das persoas contratadas son mulleres**, é dicir, **268 das persoas contratadas son mulleres fronte aos 139 homes contratados**.


Desagregación de perfil de persoas contratadas por sexo



Este volume superior de mulleres foi diminuindo respecto a os informes previos. No informe do ano 2018 as mulleres representaban o 72% das persoas contratadas, dato moi similar ao do ano 2022, onde representaban o 71%, fronte ao 66% do ano 2024.

Respecto ao perfil etario das persoas contratadas, obsérvase un perfil onde o 71% das persoas contratadas ten unha idade comprendida entre os 25 e os 44 anos.

Perfil etario dos equipos humanos das ONGD Galegas




Respecto a os datos dos informes previos obsérvase un rexuvenecemento do perfil das persoas que traballan nas ONGD galegas, cun incremento importante do rango de idade de entre 25 – 34 anos, que pasou de representar o 25% nos dous anos previos a representar con datos do ano 2024 o 33,49%.

08

Equipos directivos
nas ONGD galegas

Das 42 organizacións analizadas, 24 (57%) contan con persoal contratado en cargos de responsabilidade, dirección ou coordinación, dos cales o 67% son mulleres. Isto indica un progreso cara a unha maior presenza feminina nestes postos, en comparación cos datos do informe de 2022, onde o 64% das persoas con responsabilidades técnicas eran mulleres.

Persoas contratadas con responsabilidade técnica nas ONGD galegas



8.1 Quen ocupa o cargo de máxima representación

As ONGD dispoñen dunha **figura encargada da máxima representación da entidade en Galicia**, función que pode ser exercida por persoas voluntarias ou, nalgúns casos, por persoal contratado. Nas organizacións constituídas como asociacións, a asemblea encárgase de elixir a xunta directiva, na que se inclúe a presidencia. Pola súa banda, nas fundacións, o padroado é o responsable de designar á persoa que representa a entidade no territorio, podendo ser un membro do propio padroado ou unha persoa delegada encargada da sede en Galicia.

Entre as 42 persoas que representan as ONGD analizadas, o 45% das persoas encargadas da representación das súas entidades son mulleres. Esta porcentaxe supón un descenso en comparación cos datos recollidos nos informes anteriores, onde a presenza feminina alcanzaba o 50% en 2018 e o 54% en 2020.

Distribución por sexo das persoas nos cargos de máxima responsabilidade nas ONGD galegas



Aínda que poida parecer que existe certa equidade nos órganos de máxima representación, a situación cambia ao analizar a base social das ONGD, onde a presenza das mulleres é claramente maioritaria. Como xa se mencionou, o 61% das persoas socias son mulleres, ao igual que o 70% do voluntariado.

Ademais, **as mulleres representan o 66% do persoal contratado, o que evidencia que o sector está altamente feminizado en todos os niveis, excepto nos cargos de maior representación.** Esta disparidade reflicte unha fenda de xénero que require atención e accións concretas para a súa reversión. A preocupación intensifícase en 2024, xa que a presenza de mulleres nestes postos diminuíu en 10 puntos porcentuais respecto a 2022.

Por último, os datos da enquisa amosan unha maior presenza feminina nas xuntas directivas das ONGD. **As mulleres constitúen o 52% das persoas que forman parte destes órganos** (150 mulleres e 137 homes).


Foto_ Asamblea de Cooperación pola Paz (O Salvador)

09

Fondos recibidos

No ano 2023, as ONGD galegas que participaron na enquisa ingresaron un total de 22.989.400,33 euros, dos cales o 66,32% (é dicir, 15.246.907,08 euros) proceden de fondos públicos de distintas administracións do Estado, mentres que o 33,68% (7.742.493,25 euros) corresponden a fondos privados, xa sexa mediante achegas de particulares ou empresas, vendas de produtos ou servizos, ou outros medios.

Este volume total de ingresos supón un **incremento do 161% respecto ao ano 2020**, un aumento que recae principalmente na **financiación pública**, xa que a **financiación privada**



Produciuse unha maior fenda entre o peso dos fondos públicos e privados na xestión das ONGD. Mentres que os segundos apenas sufriron variación nos últimos tres anos, os primeiros duplicáronse, o que nos leva a unha distribución semellante á do ano 2016, tal e como se reflicte na seguinte gráfica. No ano 2020, os datos amosaban un maior equilibrio entre ambos tipos de financiamento.

9.1 Orixe dos fondos

Cando se analiza a orixe dos fondos, obsérvase que **37 das 42 ONGD** que participaron na enquisa indican ter **recibido fondos privados** no ano 2023, o que representa o **88% das entidades**, mentres que **34 ONGD (o 80,95%)** afirman ter **recibido fondos públicos**.

Identifícanse cinco fontes de financiamento privado. A primeira son **os ingresos de persoas particulares**, unha liña da que o 100% das entidades que declararon recibir fondos. Nesta categoría destacan organizacións grandes como Fundación Oxfam, Educo ou Manos Unidas, chegando no caso de Oxfam a superar o 90% dos ingresos declarados en 2023. Tamén outras organizacións máis pequenas nas que os ingresos de persoas socias son un pilar fundamental como Proclade, Sólida, Solidariedade Galega, Beyond Suncare ou Semilla para el Cambio, nas que esta fonte representa máis do 60% dos seus ingresos.

A segunda fonte corresponde aos **ingresos procedentes de entidades ou empresas privadas**, declarados por **17 ONGD**. As organizacións coas que colaboran son diversas, tanto de ámbito galego como estatal. Non se identifica un peso específico relevante, agás no caso de **Ecodesarrollo Gaia ONG** ou a **ONG Porque No?** que declararon recibir máis do 30% dos seus ingresos por esta vía no ano 2023.

A terceira fonte son os ingresos **por vendas**, declarados por **12 entidades**. A cuarta opción identificada son os **ingresos por servizos** (consultorías, formacións, obradoiros, actividades de sensibilización, etc), declarados por **11 ONGD**; e por último, os **ingresos procedentes doutras fontes**. Estas tres últimas vías teñen **pouca representatividade** nos orzamentos das organizacións que as utilizan.

Respecto aos **fondos públicos**, a enquisa permite identificar **seis fontes de financiamento**: fondos da Administración Xeral do Estado, fondos da Xunta de Galicia, fondos doutros gobernos autonómicos distintos á Xunta, fondos de administracións locais galegas, fondos doutras administracións locais distintas ás galegas e fondos de organismos internacionais.

Respecto á **Administración Xeral do Estado**, **1 ONGD** recibiu fondos para **Cooperación Internacional ao Desenvolvemento (CID)**, ningunha para **Acción Humanitaria**, **3 entidades para Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global (EDCG)** e **6 para Acción Social**. Para entidades como **Movemento pola Paz**, estes fondos representaron máis do **90% dos seus ingresos**, centrados no ámbito da acción social; no caso da **Asociación Enxeñería Sen Fronteiras Galicia**, supuxeron **máis da metade dos seus fondos en 2023**, investidos en proxectos de acción exterior.

En canto aos **fondos autonómicos da Xunta de Galicia**, **23 ONGD** recibiron fondos para **CID**, **8 para Acción Humanitaria**, **17 para (EDCG)** e **10 para Acción Social**. Sen dúbida, esta foi a principal fonte de ingresos no ano 2023 para moitas ONGD, chegando a representar **máis do 90% dos seus ingresos** nese período para **6 entidades**.

Respecto aos **fondos doutros gobernos autonómicos** - aos que concurren as ONGD galegas, ben sexa asociadas con outras organizacións ou porque a delegación galega canaliza a xestión de todos os fondos do estado para unha zona xeográfica-**2 ONGD** recibiron apoio para **CID, 1 para Acción Humanitaria e 1 para EDCG**. Destaca o caso de **Arquitectura Sen Fronteiras**, que dende Galicia xestiona boa parte dos fondos da organización destinados a Guatemala, e para a cal esta fonte representou o **45% dos seus ingresos** no período.

Focalizando nas **administracións locais galegas, como concellos e deputacións, 10 ONGD** recibiron fondos en 2023 para **CID, 7 para (EDCG) e 7 para Acción Social**.


No caso concreto do traballo en Cooperación Internacional para o Desenvolvemento son o Concello de Santiago, de Vigo e o de Lugo e as Deputacións de Coruña e Pontevedra as principais entidades locais que apoian o traballo das ONGD neste eido. Tamén o propio Fondo Galego de Cooperación, fondo que aglutina os esforzos solidarios das entidades locais galegas.

En canto a **outras administracións locais non galegas, só 2 ONGD** recibiron fondos para **(EDCG) e 4 para Acción Social**, sendo o volume **pouco representativo**.

9.2 Debullando a oíxe dos fondos


Na orixe dos 7.742.493,25 de euros provenientes de fondos privados, o peso principal recae nas persoas particulares, que representaron o 87,29% dos devanditos ingresos no ano 2023, e como se viu anteriormente é a fonte maioritaria de ingresos privados das ONGD galegas.

Fondos privados obtidos polas ONGD galegas no 2023



Esta situación é case idéntica á presentada no ano 2020 con moi pequenas variacións. Gaña máis peso o apoio de persoas particulares en dous puntos porcentuais fronte á prestación de servizos e as outras fontes privadas. Todo isto marcado nunha situación de estancamento en canto ao volume de fondos privados recibidos, tal e como se comentou ao comezo deste apartado.

Orixe dos fondos públicos



A Xunta de Galicia achegou no ano 2023 ás ONGD galegas un 55% dos seus ingresos de fondos públicos, a Administración Xeral do Estado o 36,19% e outras administracións autonómicas un 4,20%. A achega das administracións locais galegas ascende ao 3,63% e o doutras administracións locais non alcanza o 1%.


Se nos fixamos na comparativa con outros anos, obsérvase que houbo un incremento xeral de fondos, aínda que é especialmente relevante nos fondos da Xunta (un incremento do 167%) e a Administración Xeral do Estado, que se cuatuplicaron, subindo no resto das fontes analizadas, principalmente noutras Comunidades Autónomas, onde pasou a ocupar un peso importante aínda que focalizado en moi poucas entidades.

9.3 Finalidade dos fondos públicos


A principal finalidade de investimento dos fondos públicos para as ONGD galegas no ano 2023 foi a acción social co 44% de investimento de fondos e a cooperación ao desenvolvemento no exterior que representa o 42% do destino dos fondos recibidos, ambas moi afastadas da acción humanitaria e a educación para a cidadanía global cun 7% dos mesmos en cada caso.

Esta situación supón un cambio respecto ao ano 2020, no que a acción de cooperación ao desenvolvemento no exterior representaba o 53% do destino dos fondos e a acción social o 32% dos mesmos, reducíndose os fondos destinados á Educación ao desenvolvemento do 9% ao 7% e incrementándose os destinados a acción humanitaria. Detallando as finalidades dos Fondos Públicos nas tres fontes principais temos a seguinte representación gráfica:

Finalidade dos fondos públicos obtidos polas ONGD galegas por fontes de financiación



Administracións Locais Galegas



Foto_ Educo

A woman is seated in a textile workshop, working on a loom. She is wearing a patterned blouse and a dark skirt. Behind her, numerous skeins of colorful yarn are hanging on wooden racks, creating a vibrant background. The scene is lit with warm, orange-toned light. A decorative grid of white dots is visible in the upper left corner.

10

Grázas ás ONGD
que participaron
no informe

AIDA (*Axuda, Intercambio e Desenvolvemento*)

Agareso (*Asociación Galega de Comunicación para a Transformación Social*)

Arquitectura Sin Fronteras

Asamblea de Cooperación Pola Paz

Asociación Amigas da Terra

Azada Verde

Beyond Suncare

Cooperación Internacional

Ecodesarrollo Gaia ONG

Ecos do Sur

Enxeñería Sen Fronteiras Galicia

Farmacéuticos Mundi

Fundación Ayuda en Acción Galicia

Fundación Balms para la Infancia

Fundación Concordia y Libertad (*antes Humanismo y Democracia*)

Fundación Cume

Fundación Educo

Fundación Entreculturas Fe y Alegría

Fundación Fabre

Fundación InteRed

Fundación Jóvenes y Desarrollo

Fundación Oxfam Intermón

Fundación Taller de Solidaridad

Fundación Tierra de Hombres

Manos Unidas

Médicos do Mundo

Médicos Mundi

Miradas al Mundo

MPDL - Movimiento por la Paz

ONG A.I.R.E

ONG Porque No?

ONG Rescate Internacional

Proclade

Proyde

SED ONG (Solidariedade, Educación e Desenvolvemento)

Semilla para el Cambio

Sólida


Solidariedade Galega


Solidariedade Internacional de Galicia

Sodepaz

Fundación Vicente Ferrer

Viraventos





INFORME **2025**

O TRABALLO DAS **ONGD** Galegas no mundo